



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2023**

**(EXPEDIENTE 2023/G010/000003)**

No Salón de Plenos do Concello da Laracha, ás 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros e concelleiras que se relacionan a continuación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, a Sra. Secretaria, Dna. Marta Vázquez Garea e o Sr. Interventor municipal, D. Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria.

Asistentes:

Presidente: D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)

Concelleiros/as asistentes:

Dna. Patricia Bello Canedo (PP)  
D. Jesús Souto Pena (PP)  
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)  
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)  
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)  
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)  
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)  
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)  
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)  
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)  
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Concelleiros/as non asistentes:

D. José M. López Varela (PP)  
Dna. Rocío López Rey (PP)  
D. Ramiro Bello Recouso (PP)  
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Antes de escomezar a sesión, como cada sesión ordinaria, o presidente indica que se vai gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero.

Invita ao público a poñerse de pé, como todos os membros que asisnten á sesión.

Logo de que esta invitación fose rexeitada con queixas polas 3 persoas do público asistente, e de varias chamadas á orde polo presidente, este, invita a saír do Salón ás ditas persoas.

Rematado o minuto de silencio, acceden de novo ao Salón de Plenos.

### 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARA DO PLENO DE 17 DE MARZO DE 2023

Sen máis intervencións é sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos doce (12) membros presentes**, D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

### 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Non hai intervencións.

### 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO INCLUIDO NOS POS + 2023: SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DA LARACHA

O PSOE manifesta o seu voto a favor.

Sométese a proposta da Alcaldía a votación e esta resulta aprobada por **unanimidade dos doce (12) membros presentes**, D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar as modificacións no proxecto da obra incluída no pos + 2023: Substitución do cespede artificial do Campo de Fútbol da Laracha



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SEGUNDO.-** Aprobar de novo o proxecto conforme ao resolto na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2023.

**TERCEIRO.-** Conservar o resto dos actos e trámites, tanto da solicitude e aprobación do POS + 2023, como do expediente de contratación das obras por manterse igual o contido, de acordo co artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**CUARTO.-** Remitir esta resolución e a documentación necesaria á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e efectos.”

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENOVACIÓN DO COMITÉ DE IRMANDAMENTO LES SABLES D OLLONNE**

Sométese a proposta da Alcaldía a votación e esta resulta aprobada por **unanimidade dos doce (12) membros presentes**, D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO

PRIMEIRO: acordar a seguinte composición do Comité:

- Alcalde
- 2 concelleiros do grupo de goberno
- 1 concelleiro de cada grupo municipal da oposición
- Director/a ou persoa na que delegue dos seguintes centros de ensino:
  - IES Agra de Leborís
  - CEIP Ramón Otero Pedrayo
  - CEIP Alfredo Brañas
  - CEIP de Caión
- Presidente/a ou persoa na que delegue das seguintes entidades, clubs e asociacións:
  - Asociación cultural Santa María de Torás
  - Asociación cultural Queiroga
  - Asociación cultural Arume
  - Laracha C.F
  - U.D. Paiosaco
  - A.D. club do Mar de Caión
  - Salvamento Acuático Laracha SAL
  - Club baloncesto Laracha
  - Club amigos del Judo Laracha



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Club patín Conxuro

SEGUNDO: trasladar este acordo a cada unha das entidades e organizacións que se enumeran no punto primeiro para que no prazo de 5 días designen nomeadamente a una persoa co seu suplente para a constitución do Comité.

## 5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº17 DO ICIO

Presentada polo presidente a proposta da Alcaldía, a voceira do BNG manifesta que votarán a favor, a pesares de que no Concello de Carballo o PP votou en contra.

A voceira do PSOE manifesta o voto a favor do seu grupo.

Sométese a proposta da Alcaldía a votación e esta resulta aprobada por **unanimidade dos doce (12) membros presentes**, D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 17 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras que se indica deseguido:

### Artigo 4º. - Base imponible, cota e devengo.

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coas construcións, instalacións e obras, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, de xeito estrito, o custo de execución material.

*Se incorporan expresamente na base imponible do imposto o custo dos equipos, maquinaria e instalación que se constrúen, colocan ou efectúan como elementos técnicos inseparables da propia obra, e integrantes do proxecto para o cal se solicite o título habilitante que corresponda.*

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base impositiva os seguintes tipos de gravame:

<b>Tipo de gravame</b>	<b>Obxecto</b>
2 por 100	Construcións, instalacións ou obras en solo de núcleo rural
2 por 100	Construcións, instalacións ou obras en explotación gandeiras que suxeitas a avaliación ambiental de calquera tipo, ou con o trámite ambiental en vigor.
4 por 100	Construción, instalacións ou obras incluídas en proxectos relativos a produción de enerxía eléctrica ou de combustibles con potencias superiores a 100kW, incluídas as de liñas de evacuación e subestacións accesorias aos anteriores. No caso da produción de combustibles a potencia determinarase en base a capacidade de almacenamento/produción.
2,5 por 100	Resto de construcións, instalacións ou obras non incluídas nos epígrafes anteriores

3.- O imposto devéngase no momento de iniciar a construción, instalación ou obra aínda cando non se obtivese o correspondente título habilitante.

**Artigo 6º. - Beneficios fiscais.**

En aplicación do artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, poderán beneficiarse das seguintes bonificacións na cota tributaria:

- a) As promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario, bonificación do 95%.
- b) As promovidas por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e destinadas a fins ou actividades non lucrativas que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal, bonificación do 75%.
- c) As de intervención en inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo de protección patrimonial, bonificación do 75%.
- d) A construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social, bonificación do 95%.
- e) As destinadas ao primeiro establecemento ou á implantación de empresas no Polígono Industrial de A Laracha, bonificación do 95%.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

f) Inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 74.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. En relación con esta bonificación estableceranse os seguintes tramos:

- o 95% pola creación de mais de 20 postos de traballo.

- o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as dentro do prazo de 15 días dende o otorgamento da licenza de primeira ocupación. No momento da solicitude da Licenza adxuntarase un compromiso de creación do número de postos de nova creación que vaia a xenerar.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade é realización do feito imponible.

**SEGUNDO.** Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

**TERCEIRO.** Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

O Alcalde,

José Manuel López Varela



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Na Laracha, na data da sinatura do documento





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **ANEXO -TEXTO ÍNTEGRO DA ORDENANZA DESPOIS DA MODIFICACIÓN**

### **ORDENANZA FISCAL Nº 17: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

#### **Artigo 1º.- Fundamento e réxime.**

O imposto sobre construcións, instalacións e obras esíxese neste concello de conformidade co disposto nos artigos 100 a 103 do Real decreto lexislativo 2/2004, aplicándose sobre estas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos da presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra pola que se esixa a obtención da correspondente licenza urbanística, obtéñase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este concello.

#### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1. - Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas nas entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, propietarias dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan donos destas; nos demais casos, considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2. - Teñen a condición de suxeitos pasivos substitutos de contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

#### **Artigo 4º.- Base imponible, cota e devengo.**

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coas construcións, instalacións e obras, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

contratista nin calquera outro concepto que non integre, de xeito estrito, o custo de execución material.

Se incorporan expresamente na base imponible do imposto o custo dos equipos, maquinaria e instalación que se constrúen, colocan ou efectúan como elementos técnicos inseparables da propia obra, e integrantes do proxecto para o cal se solicite o título habilitante que corresponda.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

Tipo de gravame	Obxecto
2 por 100	Construcións, instalacións ou obras en solo de núcleo rural
2 por 100	Construcións, instalacións ou obras en explotación gandeiras que suxeitas a avaliación ambiental de calquera tipo, ou con o trámite ambiental en vigor.
4 por 100	Construción, instalacións ou obras incluídas en proxectos relativos a produción de enerxía eléctrica ou de combustibles con potencias superiores a 100kW, incluídas as de liñas de evacuación e subestacións accesorias aos anteriores. No caso da produción de combustibles a potencia determinarase en base a capacidade de almacenamento/produción.
2,5 por 100	Resto de construcións, instalacións ou obras non incluídas nos epígrafes anteriores

3.- O imposto devégase no momento de iniciar a construción, instalación ou obra aínda cando non se obtivese o correspondente título habilitante.

**Artigo 5º. - Xestión.**

1º. - Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non tendo solicitada, concedida ou denegada esta licenza, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

a) En función do presuposto presentado polos interesados, sempre que estivese visado polo colexio oficial correspondente, cando isto constituía un requisito preceptivo.

b) Cando non se presente presuposto visado ou o proposto sexa, a criterio dos servizos técnicos municipais, manifestamente inferior ao custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, a base imponible poderá ser determinada por aqueles, aplicando os módulos que recolle a Base de Datos da Construción de Galicia ou outros índices ou módulos xustificadamente elixidos para tal determinación.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

2º.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e de custo real e efectivo destas, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa poderá modificar a base imponible ás que se refire o número anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo, no seu caso, a cantidade que corresponda.

**Artigo 6º. - Beneficios fiscais.**

En aplicación do artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, poderán beneficiarse das seguintes bonificacións na cota tributaria:

- a) As promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario, bonificación do 95%.
- b) As promovidas por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e destinadas a fins ou actividades non lucrativas que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal, bonificación do 75%.
- c) As de intervención en inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo de protección patrimonial, bonificación do 75%.
- d) A construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social, bonificación do 95%.
- e) As destinadas ao primeiro establecemento ou á implantación de empresas no Polígono Industrial de A Laracha, bonificación do 95%.
- f) Inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 74.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. En relación con esta bonificación estableceranse os seguintes tramos:
  - o 95% pola creación de mais de 20 postos de traballo.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as dentro do prazo de 15 días dende o otorgamento da licenza de primeira ocupación. No momento da solicitude da Licenza adxuntarase un compromiso de creación do número de postos de nova creación que vaia a xenerar.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o otorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade é realización do feito impositivo.

### **Artigo 7º. - Inspección e recadación.**

A inspección e recadación do imposto realizarase conforme ao previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### **Artigo 8º. - Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por estas correspondan en cada caso, aplicarase en réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e a desenvolvan.

## **6.-MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS**

### **MOCIÓN: (anexanse á acta)**

#### a) MOCIÓN DO BNG:

Dna. Carolina Brandón, polo BNG, presenta unha moción relativa aos Plans de Ordenación do Espacio Marítimo.

O presidente somete a votación a urxencia da moción a cal é rexeitada cos seguintes votos:

-Votos a favor: BNG (2) e PSOE (4)

- Votos en contra: PP (6)

Rexeitada, tendo en conta o voto de calidade do presidente.

#### b) MOCIÓN PSOE: ASPABER



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O presidente somete a votación a urxencia da moción a cal é aprobada por unanimidade.

O presidente presenta unha emenda de substitución (LEE MONCHO: INSERTAR)

A voceira do PSOE manifesta que se a presenta como emenda de adición si a admitiría, xa que non di nada.

Presidente indica que se garantiza que esos nenos non van quedar se escolarización.

Dona Carolina Brandón manifesta o apoio ao texto do PSOE.

Presidente indica que para o 2023-2024 van ter educación garantizada. Non priva que por parte das familias fagan cooperativas para integrarse nunha escola distinta.

Sometida a votación a moción co texto emendado queda aprobado polos seguintes votos:

- Votos a favor: PP (6)
- Votos en contra: BNG (2) e PSOE (4)

c) MOCIÓN PSOE DÍA DA MULLER

A voceira do PSOE lee a moción:

Sometida a urxencia da moción apróbase pola unanimidade dos asistentes.

O presidente do PP presenta moción de substitución á totalidade

Dna. Palomi Rodríguez manifesta que tamén tiñan esa moción pero é mezclar.

O concelleiro Xoan M. Sande indica que son temas diferentes.

Sometida a votación o texto da moción ca emenda do PP é aprobada polos seguintes votos:

- Votos a favor: PP (6)
- Votos en contra: BNG (2) e PSOE (4)

d) MOCIÓN PSOE FINANCIACIÓN XUNTA SAF

Dona Palomi Rodríguez introduce a moción:

Sometida a urxencia da moción rexéitase polos seguintes votos:



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Votos en contra: PP (6) voto de calidade do presidente.

- Votos a favor: BNG (2) e PSOE (4)

## ROGOS

O BNG manifesta que non vai presentar rogos.

PSOE:

1. Arranxo bache en Coiro. A voceira indica que xa está arranxado.
2. Limpeza da maleza dunha casa no Toural de Arriba.

O presidente di que no teñen a referencia catastral e que é estrano que esté toda a finca limpa e deixen a casa así. Investigarase.

Salienta tamén que estamos en campaña da velutina e no concello se recollen os botes.

## PREGUNTAS

A) Pregunta de Dna. Carolina Brandón (BNG):

1. Temos dudas sobre a seguridade da pista de skate. Hai diferencias visibles respecto doutros concellos. Pedíuse consello aos colectivos afectados? Que razóns motivaro a adxudicación da obra a esa empresa? A ubicación é a axeitada?

O presidente indica que levárono no programa porque había demanda. Os rapaces baixaban dunha pista e caían noutra.

Sobra a adxudicación: hai un proceso de licitación. Sempre se lles pide ás empresas unha relación de obras executadas como solvencia. Esta empresa fixo skate parks en Vigo, Redondela, Tomiño, Pontearreas...

Sobre a ubicación: está nunha zona deportiva. Alí non hai unha circunvalación, velocidade limitada a 30 km/h.

Dna. Carolina Brandón manifesta que alí non hai sinalización vertical nin badéns e vai haber menores. Tampouco está moi vixiada a velocidade. Noutros concellos se contactou cos colectivos.

O concelleiro D. Jesús Souto di que o estudio que redactou o proxecto si falou con eles pero cada colectivo pensa no seu: bicicleta, patín, patinete... Hai letreiros que indican que os menores de 13 anos deben estar acompañados dun adulto, que hai que levar rodilleiras, casco..



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sobre o vídeo que circula: houbo unha persoa que interviu en todas as pista que non fixo. O estudio de arquitectura vai tomar medidas legais porque ataca ata puxo planos.

Non habendo máis preguntas, pide a palabra o concelleiro D. Xoán M. Sánde Muñiz, xa que é o seu último pleno ordinario e aproveita para despedirse.

Agradece ás persoas do grupo do BNG dos últimos anos a súa colaboración e confianza, e deséxalle sorte a Carolina.

Manifesta tamén o seu agradecemento a toda a corporación actual e a todas as anteriores, así como a todos/as secretarios/as e interventores/as e a todos os/as traballadores/as municipais.

Desexa sorte no futuro, no profesional a Carolina e no personal a todos/as. Foi unha honra representar á veciñanza.

O presidente manifesta que foi unha honra para o grupo de goberno contar con el, aínda que non coincidan nas ideas. Felicítalo porque houbo acordos que dependeron da súa aportación.

Dna. Palomi Rodríguez manifesta que se queda cos seus debates enriquecedores, debates positivos e boa oratoria e manifesta a súa alabanza.

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:22 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, a secretario, dou fé.

A secretaria,

O alcalde-presidente,